

## EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DESCARGABLES DA UNIDADE 6: EXPANSIÓN IMPERIALISTA E TENSÍONS INTERNACIONAIS.

### 1. Comentario de texto:

*“Señores, hai un segundo punto, unha segunda orde de ideas que debo igualmente abordar — créanme— o máis rapidamente posible: é **o lado humanitario e civilizador da cuestión**... É preciso dicir abertamente que, en efecto, as razas superiores teñen un dereito respecto ás razas inferiores porque existe un deber cara con elas. **As razas superiores teñen o deber de civilizar ás razas inferiores...***

*E existe alguén que poida negar que hai máis xustiza, máis orde material e moral, máis igualdade, máis virtudes sociais en África do Norte desde que Francia fixo a súa conquista? Cando fomos a Alxeria para destruír a piratería e asegurar a **liberdade de comercio** no Mediterráneo... fixemos accións de corsarios, conquistadores ou devastadores?...”*

Discurso de J. Ferry ante a Cámara de Deputados francesa, 1885

- O fragmento do discurso do primeiro ministro francés, Jules Ferry, nos presenta claramente algunhas das causas polas que as potencias europeas se lanzaron á carreira imperialista a finais do século XIX. Sen ser as causas máis importantes, a mentalidade racista e a crenza da superioridade da civilización industrial europea xogaron un papel importante á hora de xustificar a explotación económica dos territorios conquistados.

- O político francés fala dunha ‘segunda orde de ideas’, posto que antes neste mesmo discurso se referiu ás que claramente foron as primeiras causas do imperialismo: as económicas (exportación de capitais, creación dun mercado, etc.). En plena segunda fase da revolución industrial a acumulación de capital e as dificultades para vender os produtos da industria preténdense solucionar abrindo novos mercados onde investir e vender os excedentes que non podían ser absorbidos pola demanda interna europea.

Non se trata, polo tanto, de ‘máis xustiza, orde material e moral, máis igualdade, máis virtudes morais’, senón de ‘liberdade de comercio’. Unha liberdade de comercio que só beneficiou ás economías máis fortes, que sometían ás economías máis febles dos territorios colonizados.

Os partidarios do imperialismo pretenderon explicar os efectos positivos que tiña sobre as poboacións colonizadas, mesturando ideas supostamente «científicas» (no século XIX os científicos aínda crían nas diferencias de raza e que estas tiñan influencia no comportamento das persoas); con ideas morais (a crenza da superioridade da relixión cristiá, e da necesidade de «converter» ós non cristiáns para que puidesen progresar...); ou prexuízos culturais (o convencemento de que a única cultura e civilización que merecese tal nome era a europea, e que para saír do subdesenvolvemento era preciso adoptar as pautas culturais europeas).

A carreira imperialista desenvolveuse a finais do século XIX entre as potencias industriais europeas (e máis tarde Estados Unidos e Xapón). No mesmo ano do discurso de Ferry texto celebrouse unha Conferencia en Berlín onde as potencias europeas se repartiron o continente africano. Francia e Gran Bretaña, principais potencias económicas e militares, controlaron a maior parte do territorio. Con características distintas, o imperialismo capitalista tamén se estendeu por Asia, Océano e América.

As consecuencias para as poboacións colonizadas non foron as sinaladas por Ferry. Os europeos introduciron novas enfermidades e, nalgúns territorios, a poboación foi exterminada sendo substituída por colonos europeos. A economía púxose ao servizo dos

intereses da metrópole, converténdose en subministradores de materias primas e alimentos, e compradores dos produtos manufacturados. Os indíxenas quedaron sometidos aos colonizadores, sendo só valorados como man de obra barata, case escrava. Perderon a súa cultura e crenzas tradicionais e mesmo sufriron a destrución ou modificación importante dos seus ecosistemas naturais.

- A política imperialista, xustificada por Ferry coa escusa do 'deber de civilizar', só foi beneficiosa para as potencias industriais. O progreso europeo non chegou á poboación colonizada porque ese non era o obxectivo, o obxectivo era a explotación económica e as cuestións ideolóxicas só serviron de tapadeira hipócrita.

As teorías racistas están hoxe teoricamente superadas, sen embargo os sentimentos racistas seguen estando hoxe latentes. A forma de vida occidental, capitalista, impúxose en todo o mundo coa globalización e a dependencia económica das antigas colonias non deixa de medrar.

## 2. Contesta brevemente ás preguntas

2.1. Que é o colonialismo?

2.2. En que consistiu a política do *big stick*, <<gran garrote>> de Estados Unidos?

2.3. Cales foron as causas e o ámbito de expansión do imperialismo xaponés?

2.4. A que se refire o termo Monarquía Dual?

2.5. Que dous períodos políticos distinguimos na Francia de finais do século XIX e principios do século XX ?

2.6. Quen arbitra a política internacional a finais do século XIX? En que consiste?

## Solución

**2.1.** O colonialismo é un sistema de relacións entre países no que uns exercen dominio sobre outros. Os países que o exercen chámanse metrópoles, e os que o sofren colonias.

**2.2.** Foi a política imperialista impulsada polo presidente de EE UU Theodore Roosevelt entre 1901 e 1907, continuada despois, pola cal se xustificou a intervención militar dos EE UU en calquera lugar de América onde visen perigar os seus intereses.

**2.3.** A principal causa do imperialismo xaponés foi a necesidade de materias primas, cada vez máis demandadas pola súa industria en auxe. O seu principais obxectivos foron China e Corea.

**2.4.** Chamamos Monarquía Dual ao Imperio Austro-Húngaro, facendo referencia á existencia neste imperio de dúas partes autónomas dende 1867, unha controlada por Austria e outra por Hungría, aínda que contaban cun mesmo Emperador ou rei coma Xefe de estado.

**2.5.** O sistema político francés caracterizouse neste período pola inestabilidade dos seus réximes, e polo paso dun sistema monárquico a outro republicano: entre 1851 e 1870 desenvólvese o II Imperio francés, co Emperador Napoleón III á fronte do executivo; e tras 1870 é proclamado de novo o sistema republicano, orixinando un novo período, a III República francesa

**2.6.** Alemaña comezará a dirixir as relacións diplomáticas entre as nacións europeas. O artífice desta política será o chanceler alemán Bismarck, que establecerá un complexo sistema de alianzas entre as principais potencias coa finalidade de manter illada a Francia e garantir unha arbitraxe política dos posibles conflitos. Esta estratexia diplomática orixinará sucesivas alianzas entre Alemaña e outras potencias entre 1872 e 1890 coñecidas coma os *sistemas bismarkianos*

**3. Redacta unha frase breve, pero coherente, relacionando historicamente os conceptos de cadanseu grupo.**

3.1. Empresarios – materias primas- man de obra

3.2. China- Guerras do opio

3.3. Era vitoriana – *Whigs* - *Tories*

### **Solución**

**3.1.** Os **empresarios** capitalistas europeos buscaban **materias primas** e **man de obra** barata nos países subdesenvolvidos para vender mais e a mellor prezo.

**3.2. China** era un enorme mercado, moi ambicionado polas potencias imperialistas. A prohibición do comercio ditada polos emperadores era incumprida por Gran Bretaña e Estados Unidos recorrendo ao contrabando, sobre todo de opio cultivado na India. En sucesivas guerras a mediados do século XIX (**as guerras do opio**) os británicos venceron aos chineses e conseguiron Hong-Kong e o comercio libre por outros catro portos.

**3.3.** A Inglaterra da **era vitoriana** caracterízase por ser un período de estabilidade política e parlamentaria grazas á alternancia no poder de dous partidos burgueses, os **Tories** (conservadores ) e os **Whigs** ( liberais)



## 2. Contesta brevemente ás preguntas

- 2.1 Cales foron as novas fontes de enerxía da Segunda Revolución Industrial?
- 2.2 Que é un trust?
- 2.3 Que outros sectores económicos se viron favorecidos polo pulo da industria conserveira galega?
- 2.4 En que consistiu a política do *big stick*, <<gran garrote>> de Estados Unidos?
- 2.5 Cales foron as causas e o ámbito de expansión do imperialismo xaponés?

### — SOLUCIÓN

2.1. As novas fontes de enerxía foron o petróleo e a electricidade, aínda que o carbón seguiu tendo un papel importante.

2.2. Unha forma de asociación entre empresas dun mesmo sector ou complementarias, que se poñen baixo unha mesma dirección para centralizar os capitais e a toma de decisións. O obxectivo é controlar o mercado, o cal leva ao monopolio.

2.3. A industria conserveira galega impulsou o desenvolvemento doutros sectores, sobre todo a pesca e a construción naval. Pero tamén as industrias de folla de lata, estampado... e os relacionados coa comercialización das conservas.


2.4. Foi a política imperialista impulsada polo presidente de EE UU Theodore Roosevelt entre 1901 e 1907, continuada despois, pola cal se xustificou a intervención militar dos EE UU en calquera lugar de América onde visen perigar os seus intereses.

2.5. A principal causa do imperialismo xaponés foi a necesidade de materias primas, cada vez máis demandadas pola súa industria en auxe. O seu principais obxectivos foron China e Corea.

### 3. Comenta as imaxes:

- Comentario das imaxes:

- a) *Construíndo coches de motor, West Midlands, Gran Bretaña (1907)*
- b) *Cadea de montaxe na fábrica Ford de Detroit (1913)*





## — SOLUCIÓN

As dúas fotografías permítenos comprobar os grandes cambios que se van producir na organización da produción na industria do automóbil a principios do século XX.

O automóbil vai adquirir unha gran importancia no século XX. Os primeiros coches de motor de combustión movidos con gasolina, como se ve na primeira foto, foron producidos a pequena escala, case de maneira artesanal. Na imaxe vemos máis cunha fábrica, un taller, onde cada coche, individualmente, se ía facendo pouco a pouco, con pezas únicas despois ensambladas. Este método de produción fixo que os automóviles fosen un luxo a principios do século XX, só ao alcance duns poucos ricos. Os automóviles fabricábanse a man, en pequenas cantidades e baixo pedido.

Todo cambiou cos cambios introducidos por Ford na súa fábrica de Detroit para producir o modelo Ford T (imaxe B). A cadea de montaxe permitiu que baixara o prezo e que as clases medias tivesen acceso ao automóbil. Coa cadea de montaxe en vez de ir o traballador cara o coche, o coche ía ata o traballador que facía sempre a mesma función dentro da cadea (seguindo o modelo de traballo en cadea ideado por Taylor). Así, o tempo de produción reducíuse, baixando tamén o custo e o prezo final.

O sistema de Ford incluía tamén o emprego de moitos traballadores, cuns salarios elevados para a época. Moitos deses traballadores foron os primeiros compradores dos coches que fabricaban. Ademais, ao facerse todas as unidades do modelo coas mesmas pezas, creouse unha rede de concesionarios da marca onde se podían cambiar e mercar as pezas sen ningún axuste previo como ocorría antes.

En definitiva, as imaxes ilustran os cambios na organización do traballo durante a Segunda Fase da Revolución Industrial. Cambios que provocaron un maior rendemento, coa progresiva división e automatización do traballo, e un forte aumento da produción e do consumo.

**4. Redacta unha frase breve, pero coherente, relacionando historicamente os conceptos de cadanseu grupo.**

- 4.1. Bancos- Sociedades Anónimas- Capital
- 4.2. China- Guerras do opio
- 4.3. Ferrocarril- Galicia- Transporte

— **Solución**

4.1. Os **bancos** e as **sociedades anónimas** xogaron un papel cada vez máis importante no desenvolvemento da industrialización a finais do XIX. As empresas, cada vez máis grandes, necesitaban máis **capital** que foi proporcionado polas Sociedades Anónimas e os Bancos.

4.2. **China** era un enorme mercado, moi ambicionado polas potencias imperialistas. A prohibición do comercio ditada polos emperadores era incumplida por Gran Bretaña e EE UU recorrendo ao contrabando, sobre todo de opio cultivado na India. En sucesivas guerras a mediados do século XIX (as **guerras do opio**) os británicos venceron aos chineses e conseguiron Hong-Kong e o comercio libre por outros catro portos.

4.3. O **ferrocarril**, o medio de transporte máis importante da Primeira Revolución Industrial, chegou máis tarde a **Galicia** que a outras rexións de España. A pesar da súa construción serodia, e a un trazado que non tivo en conta o mercado interior, actuou como motor do desenvolvemento económico ao facilitar o **transporte** entre Galicia e o resto do Estado.